

Título da obra: ***“A Taberna do Nubeiro”***

PRIMEIRO ACTO

Día 12 de febreiro. 10:00 horas.

Hora de apertura da Taberna. Chega o taberneiro, Fernando, quen deixa sobre a barra as chaves, colga o seu abrigo e ponse un mandilón. Colle o xornal, sénta nunha cadeira e comeza a ler...

FERNANDO –

Como está o mundo ... non sei onde imos chegar!

Crónica política... *Fortes berros no Parlamento. Segundo o xornalista que asina a noticia, escoitou esta secuencia de cualificativos: ladrón, idiota, inútil, descerebrado, chourizo, lercho, energúmeno...* *Fronte o cariz do que escoitaba, o xornalista preguntoulle a un uxier o motivo de tales insultos. Este díxolle que os deputados non se insultaban, que soamente estaban a pasar lista.*

Está visto ... este país non ten remedio!... Non me estraña que en lugar de Congreso dos Deputados, xa lle estén a chamar Congreso dos imputados.

Imos ver que o que aparece nos anuncios por palabras:

Cambio o meu can, de raza pit bull, moi dócil, por brazo ortopédico.

Si, si, moi dócil, xa che digo eu.

¿Señora, xa non soporta máis ao seu marido? Ofrecémoslle a mellor das solucións. Más información en www.matobarato.gal.

Isto é cousa das feministas, seguro.

Fernando pecha o xornal, vai cara a barra, e nese momento entra na taberna Don Ramón, o párroco.

DON RAMÓN – *(alterado)*

Bos días Fernando!

Deus meu, dáme paciencia! Dáme paciencia!

FERNANDO –

Un vinito? ou vén xa co depósito cheo dos caldos que ten consagrados?

DON RAMÓN –

Déixache de coñas Fernando, e ponme un café, por favor.

Non te podes nin imaxinar a presión que teño que soportar por parte do alcalde. Quere que medie co Bispo para que a empresa construtora da súa esposa, poida comprar os terreos contiguos á igrexa.

Di que son ideais para acoller unha promoción de pisos turísticos.

FERNANDO –

Que terreos? Os que están á beira do vello campo santo?

Pero quen vai querer estar de vacacións, asomarse á xanela e ver mausoleos e tumbas?

DON RAMÓN -

Iso mesmo díxenlle eu. Pero claro, Xusto, tan intelixente el, di que hai que coller o touro polos cornos e converter os riscos en oportunidades, por iso para a urbanización, como ten vistas ao cemiterio, ideou un slogan con tirón: *¡¡Compra unha vivenda aquí, e goza dunhas vistas de morte!!*

FERNANDO -

Don Ramón tranquilícese e tómese o cafelito cunhas pingas deste licor de herbas que teño gardado para os meus mellores clientes.

[Entra na taberna Justo, o alcalde.](#)

JUSTO –

Bos días os meus moi queridos conveciños.

FERNANDO –

Carallo, señor alcalde!!, canta amabilidade, nótase que nuns meses temos eleccións.

JUSTO –

Ponme un carajillo anda, non moi cargado, que estou en horario de traballo e xa sabes como son os da oposición ...

E cóbrame tamén o de Don Ramón.

DON RAMÓN –

Grazas Xusto. Pero isto non cambia nada.

Que saiba que non teño intención de falar co señor Bispo, no tema ese de os terreos da igrexa, que queren comprar. É máis, estou seguro que tarde ou cedo, coa mediación do noso señor Xesucristo, vostede verá a luz e renegará dese plan tan indigno.

JUSTO –

Pai, é ao revés; a promoción dos pisos turísticos é como unha bendición de Dios.

Traerá máis xente ao pobo, máis diñeiro, máis fregueses en misa, máis recadación no cepillo, ... Ségueme?

DON RAMÓN –

Como lle vou a seguir, se o fixese, ademais de terminar no inferno, seguramente terminaría tamén no cárcere.

JUSTO –

Hai que ver, que pouca visión de futuro ten vostede Don Ramón.

Non se pode vivir no pasado, o que temos que facer é construír o futuro. E eu desde a alcaldía, mercé ao apoio popular, e democraticamente elixido, procuro o mellor para o pobo.

Pero non se apure Pai, xa pedirei eu cita ao Bispo.

Seguro que un home que chegou tan alto na xerarquía de la Iglesia, ten máis visión de futuro que vostede.

DON RAMÓN -

Paréceme ben. É vostede libre de facer o que lle plazca.

FERNANDO -

Como di o refrán *“o can e ou gato, non poden comer do mesmo prato”*.

Señores, se mo permiten, deixen os negocios e controversias para outro día.

JUSTO -

O que pasa é que vostede, Don Ramón, é que ten un xefe moi poderoso.

Pero eu ao seu xefe non lle teño demasiada devoción.

Outra cosa sería si Deus tan só fixésemes chegar un claro sinal, como por exemplo... facer un gran depósito, ao meu nome, nun banco suízo.

DON RAMÓN –

O noso Señor ponnos continuamente a proba.

Él ensínanos que ás veces hai que facer sacrificios, ... pero claro, vostede vén pouco pola Igrexa.

Se se dignara ler as Sacras Escrituras atoparía exemplos, como cando Deus lle dixo a Abraham: *“toma ao teu único fillo e ofréceo en sacrificio”*.

JUSTO –

Don Ramón, eu xa as lin cando fun catequista, e se non lembro mal cando Abraham ía sacrificar ao seu fillo, Deus mandoulle parar.

Seguro que a orde de sacrificio era unha broma.

FERNANDO –

Pois se cadra é de aí de onde vén a expresión: *“a graza de Dios”*.

[Entra na taberna, Lola, unha veciña de Brétema, chega moi nerviosa.](#)

LOLA –

Ay! Fernandiño, ponme un cafeliño ben cargado... que veño tremendo!

FERNANDO –

Tremendo?, ... de frío?

LOLA –

Tremendo de medo!! Si ti pasaras o que pasei eu á noite!

FERNANDO -

Pero... foi o que te aconteceu Lola?

LOLA -

Serían algo mais das dez da noite cando camiño da casa, de súpeto ... se aparecéuseme.

JUSTO -

Non me digas que se che apareceu o teu defunto marido?

Despois da vida que lle deches, non creo que quedasen ganas de volver, jajajaja.

LOLA -

Cala, cala. O que se me apareceu foi á Santa Compañía. Como oides, á Santa Compañía, e non un anaco dela, non; á Santa Compañía enteira.

DON RAMÓN –

Ai! Lola, cómo sabes que era a Santa Compañía e non os rapaces do pobo, camiño da praza maior para montar festa, como fan sempre?

LOLA -

Estou segura que era a Santa Compañía, ían tal como se conta.

Diante ía un home moi serio, cunha cruz, e detrás del cinco homes mais, encapuchados cos seus capirotos é todo.

Pasei tanto medo que cuando cheguei a casa no puiden dormir hasta que acabei coas dúas botellas de licor café que tiña agachadas para un día especial.

FERNANDO –

Pois despois de semellante remedio, ademais da Santa Compañía, é raro que non se che aparecese: a Procesión de Xás, o Foucellas e ata o Apalpador.

JUSTO –

Visto o visto, con tantas relacións, dona Lola, terei que levala na lista electoral ás próximas municipais, ... Podería encargarse de... a concellería de inmigración. jajajaja.

LOLA –

Non fagades burla de min. Estou segura de que no fondo sabedes que non minto.

JUSTO –

Que viu a un grupo de persoas, cun líder á cabeza, que deambulan sen dicir nin facer nada interesante?

Pois claro que si, ... eu véxoos sempre que temos sesións plenarias no Concello.

Chámanos oposición, jajajaja.

DON RAMÓN –

Deixade que Lola se explique.

Algo debeu de ver, e algunha explicación lóxica ten que ter.

Lola, o mellor é que nolo contes todo co máximo detalle.

LOLA –

Vino perfectamente, onte á noite, houbo lúa chea, e a procesión saíu de detrás dun balado. Ian en fila, caladiños.

Salvo o que ía diante, o resto eran como espíritos. Porque camiñaban, que senón eu diría que non estaban mortos.

Quedei paralizada, pero por sorte lembrei un consello que me dera a miña avoa fai moitos anos:

“filliña si algunha vez te cruzas coa Santa Compañía, non vai ser doado que podas fuxir. O mellor é que collas una vara de olivo e que con ela fagas un círculo o teu redor. Mentras estés no interior del, estarás a salvo”.

Así o fixen e funcionou. En canto pasaron, botei a correr, *“pes para que os quero”*, ata chegar a casa.

DON RAMÓN –

Deixasme abraiado. Non teño palabras.

Será mellor que fales con Maruxa, a meiga, para ver si ela pode serte de axuda, que supoño que algo sabrá destas cousas.

JUSTO -

Fernando cóbrame o do señor cura e o de Dona Lola.

Eu voume ata o despacho un ratiño, non se diga que o alcalde non traballa.

Justo paga as consumicións, e os convidados danlle as grazas.

DON RAMÓN -

Eu marchó tamén.

Teño que ir ao Banco para falar co Mayte para ver que facemos cos cartiños da igrexa.

Ambos se van. Mentras saen, chega Maruxa. Se saúdan.

FERNANDO –

Bos días Maruxa. Bos ollos te vexan.

MARUXA –

Bos días Fernando.

Ponme un café con leite, e unha copa de coñac, que hoxe veño contenta xa que a primeira hora da mañá atopei un billete de 5 euros na rua.

FERNANDO –

O que madruga, Deus axuda!

MARUXA –

Pero non hai que madrugar demasiado, porque o que perdeu os 5 euros, madrugou máis que mín, e mira como lle foi.

LOLA –

Maruxa, se non tes moita presa quería comentarte unha cousiña, muller.

MARUXA –

Non, non teño présa. Mellor sentarnos para falar mais tranquilamente.

As dúas diríxense a unha das mesas baleiras.4

MARUXA -

Conta, conta, ... se non tes medo de esta pobre meiga.

LOLA -

Como soen dicir *“non teño medo dos teus ditos nin do teu meigallo, porque ando cuha vacaloura e catro dentes de allo”*.

MARUXA -

Vexo que andas preparada, carallo.

Pois ti dirás.

LOLA –

Antes de nada, cóntame que tal os vai a tua irmá Marica e mais a ti. Fai moito que non sei nada de vos.

MARUXA –

Imos tirando.

Miña irmá, non para, pasa o día ou traballando, ou buscando libros e películas sobre extraterrestres, naves espaciais, ... Xa sabes que de xove quedou moi marcada pola serie aquela de Expediente X.

LOLA -

O que eu digo: a tele sempre fixo moito dano.

E a túa filla, ... que é dela?

MARUXA –

A miña filla, xa está na Universiade, elixiu medicina e vive co mozo en Santiago, ou eso creo, porque os rapaces de agora non paran de moverse.

LOLA -

É seguides tendo animais?

MARUXA

Na granxa temos moito traballo, unha chea de vacas e fincas para traballar, e tan solo catro máns para facelo.

LOLA -

Vaia panorama, nena.

MARUXA -

Pero non podo queixarme, e iso que os vecinos do pobo andan sempre falando sobre min: que si sou unha marimanta, ou unha meiga, que si fago feitizos, boto meigallos, ...

LOLA –

E todo iso por qué?

MARUXA -

Non o entendo. Total porque sexa quen de ver o futuro, curar o mal de ollo, facer conxuros, curar o mal da sombra, falar cos mortos, e cousas así ...

Só por iso me chaman bruxa. No canto de chamarme ... doutora en ciencias ocultas.

Iso son ... prexuízos.

LOLA -

Precisamente sobre esas habilidades e coñecementos que tes, quería eu falar contigo.

MARUXA –

Dime...

Mentras seguen a falar... chegan Antón, Carmela e Manuel, quenes saúdan, toman asento e piden unhas consumicións.

CARMELA -

Antón, pásache algo?, tes unha cara como de hastío ou cansazo.

ANTÓN -

É que estou farto. Teño que falar cos do Sindicato. Teñen que ampliar o tempo para tomar café, non me chega para desconectar.

MANUEL -

Pero Antón, de que che queixas, se ou Concello está pegadiño á taberna e botas eiqui mais tempo que na oficina.

ANTÓN -

Xa, pero os dous descansos que teño cada día, duns corenta minutos cada un, pásanse moi rápido e non me dá tempo a desconectar.

Non o entendedes, o traballo no Concello é esgotador.

MANUEL –

Antón, non te enfades, pero ... de traballar non creo que vaias morrer.

De feito non me extraña que non seas creente. É imposible que no máis aló se viva mellor que traballando de funcionario no Concello.

ANTÓN -

Non sabedes o traballo que dá facer un expediente, ou atender a todos os que veñen facer xestións.

Onte, por exemplo, viñeron dúas persoas, o primeiro interrompeume en plena lectura da prensa deportiva, e o segundo cando estaba a ver a miña serie favorita de Netflix.

MANUEL -

Lembra Antón, *“o que de mozo non traballa, de vello durme na palla”*.

CARMELA –

Ten razón Manuel, eu creo que che queixas de vicio Antón.

Non será que che falta enerxía? O mellor é que veñas un día pola consulta e fágoche un recoñecemento e unha analítica, se cadra cunhas vitaminas recuperas algo de vitalidade.

ANTÓN –

Nin se che ocorra, ... non vaia a ser que me entren ganas de traballar.

MANUEL -

O que tes que facer Antón é buscarte unha moza. É se ademais é fermosa, moito mellor.

ANTÓN -

Non se que dicirche.

As mulleres guapas nunca me dixeron nada... De feito, nin me dirixen a palabra.

Soa o teléfono de Antón. Antón afástase un pouco da mesa para responder, mentras tanto...

MANUEL –

E tí Carmela, qué tal te foi en Tenerife no Congreso médico ao que fuches a semana pasada?

CARMELA -

O Congreso estivo moi ben, ademais, coñecín xente moi interesante.

Foi moi divertido.

MANUEL –

Ah, qué ben!. Sempre se pasa mellor cando se está con xente interesante. Por iso eu estou encantando cundo falo contigo.

CARMELA –

Manuel... Se non fose porque somos grandes amigos pensaría que me estás a facer as beiras.

MANUEL -

*Hora tras hora, día tras día,
entre o ceo e a terra quedan
eternos vixías,
Como torrente que se despeña
pasa a vida.*

CARMELA –

Manuel ... vexo que ti tamén lees a Rosalía de Castro.

MANUEL –

*Tempos que foron, prantos e risas,
negros tormentos, doces mentiras,
Ai!, onde o seu rastro deixaron,
onde, alma miña?*

CARMELA –

Manuel, non deixas de sorprendeme.

MANUEL – *(con certo enfado)*

Pois polo que vexo, non che sorprendo o suficiente.

Que sepas que, ... *“o que di o que sinte, nin peca nin minte”*.

Nese momento regresa Antón.

ANTÓN –

Perdoade, pero era urxente, os meus compañeiros non sabían a clave da caixa forte onde gardo os sobres de azucre que compramos a medias.

Manuel y Carmela sorrín cómplices.

MANUEL – *(tras mirar o reloxo)*

Ides a perdoar, pero téñome que ir, teño clase nuns minutos cos de segundo de Bacharelato e hoxe cos de segundo de Bacharelato, e hoxe teño que explicarlles, a ver como o fago, o reinado de Fernando VII.

CARMELA –

Ufff!! Non che arriendo a ganancia.

A esa parte da historia, en lugar de Historia de España, teríana que chamar Historia da Infamia.

ANTON –

Eu tamén marcho, que teño que marchar. Teño que ir a casa a descansar.

Manuel e Antón fan simulacro de ir á barra a pagar.

CARMELA -

Deixade mozos, hoxe convídevos eu.

Manuel e Antón danlle as grazas, se despiden e saen da Taberna.

Carmela vai á barra para pagar, momento no que Lola se levanta e achégase a ela.

LOLA –

Carmela perdoa, podería falar un ratiño contigo? é quería consultarche unha cousa.

CARMELA –

Se non é moito tempo... é que quedei de ir visitar a Antía, a nai do “Mil pesetas de Esporiz”

LOLA -

Pero si a Antía ten mais anos co Luar, o corpo xa lle pide terra.

Pronto terá que censarse no campo santo.

Ademais xa sabes que é hiponcondríaca, non?

CARMELA -

Que me vas a contar. Se agora está preocupada porque di que cando se dorme péchanselle os ollos.

Maruxa levántase...

MARUXA –

Vide para quí se queredes, eu teño que ir a buscar orellas de rá e uñas de mosca para un bebedizo de namorar.

Carmela e Lola dánlle as grazas, se despiden de Maruxa, toman asento e falan entre elas.

Entran Marica, Marisol e Mayte e ocupan unha mesa baleira. Fernando se acerca para atendelas. Mentras tanto...

CARMELA –

Lola, moi mal debes estar, porque todos os xoves vés pola miña consulta, e por certo sen motivo aparente, pois estás como un carballo.

LOLA -

Xa, pero é que me angustio e necesito confirmar cada semana que non teño nada malo.

CARMELA -

Pois e ben raro, porque o último xoves, non viñeches pola consulta.

LOLA -

É verdade. É que o xoves pasado non fun a túa consulta porque ese día encontrábame muy maliña.

CARMELA -

Non tes arranxo!

Cóntame. Que querías dicirme?

LOLA –

Ai, doutora, o que pasa é que teño moita ansiedade, muller.

Desde que quedei viuda, teño medo a que me pase algo, sobre todo cando estou soa na casa.

CARMELA – (con certo cansazo)

Lola, ... non che vai a pasar nada. Estás totalmente sa. Estás máis que vista, revisada e tes todos os indicadores ben.

Tes moita vida por diante. Disfruta dela.

LOLA –

Xa... pero se pasa algo imprevisto ... Se me da un infarto, ou se caio e me golpeo na cabeza, ou me dá un ictus?... E nese momento estou soa, que pasará? Que será de mín?

CARMELA –

Lola, iso non vai suceder, e se sucedese, non teñas medo, non eres unha muller crente?.

LOLA –

Si, sono

CARMELA -

Pois como muller crente, xa sabes que cando falezas irás á casa de Dios, e onde ias a estar mellor que na casa de Dios.

LOLA-

Xa, xa, pero como na casa dunha, non se está en ningunha parte.

CARMELA-

Mira Lola, imos facer unha cousa, o vindeiro xoves, na túa visita semanal, charlamos detidamente e vemos que podemos facer para combater esa ansiedade.

LOLA –

Vale. Así o farei.

CARMELA -

Bueno pois xa nos veremos e seguimos charlando, eu teño que marchar xa.

LOLA –

Se non che importa acompañoche, así se me dá algo, xa che teño o ladiño.

Ambas saen da taberna.

MARICA –

Non sei se escoitastes algo, pero din que a dona Lola onte aparecéuselle a Santa Compañía.
Qué sorte tivo a cabrona!!

MARISOL –

Por Deus Marica, como podes dicir iso. Non creo que sexa unha sorte atoparse cunha cuadrilla de zombis. Que susto debeu de pasar a pobre!

MAYTE -

É increíble. Non sei como nestes tempos aínda podedes crer nestas cousas: bruxas, meigas, e todo iso.

MARISOL –

Non oh! Crer, o que se di crer non cremos. Pero como adoita dicirse por aquí: *“habelas, hainas”*.

En todo caso, a única pantasma que coñezo é o noso alcalde, que sempre di que chegará algún día a ser Presidente do Deportivo e incluso da Xunta de Galicia.

MARICA –

Xa sabedes, ... *“o señor alcalde fala de valde”*.

MAYTE –

Oe Marica, xa hai tempo que me veño fixando ...

Non deixas de sorprendeme, ... es unha auténtica enciclopedia de refráns galegos.

MARICA -

Guntánme moito, por que os refráns son unha fonte de sabiduría.

“Non hai refrán que non diga unha verdade, e senon di unha é ... porque di dúas”.

MAYTE -

Parece mentira, botas horas e horas traballando na granxa, e aínda quédache tempo para esculcar cousas de bruxas e meigas.

Filla, es como a túa irmá Maruxa. A verdade é que se ve que o levades no sangue.

MARICA –

Non, non te confundas Maytiña, eu non son mais que unha aprendiz, pero Maruxa é unha veredadeira meiga.

Aprendeu a arte da nosa nai, porque xa sabes o dito: *“Nunca meiga morreu, que non deixase outra aprendida”*

MARISOL –

Outra vaca no millo!

MAYTE –

O que tedes que facer vós dous, é vir polo Banco e facervos un plan de pensións. Estamos cunha promoción especial.

MARISOL –

Eu dos Bancos non me fío, e, perdoa querida, pero menos do teu, porque mira que chamarse ... Banco Brando.

MARICA -

“Banqueiro, abogado ou doctor, canto mais lonxe mellor”.

MAYTE -

Parece mentira, coñecédesme desde hai tempo e sabedes que xamais vos enganaría. O único que quero é que teñades os mellores produtos, e que os vosos aforros réndanvos algo.

MARISOL –

“De xaneiro a xaneiro ganancia para o banqueiro”.

Deixa, deixa, eu, como toda a vida, o diñeiro quietecito por se mañá fai falta.

MARICA -

“Moito sabe o rato, pero inda sabe mais o gato”.

MAYTE –

As cousas cambiaron moito, agora está todo máis controlado, vide comigo á oficina, cóntovos a proposta que vos quero presentar, e ademais regálovos uns paraugas.

MARICA – (emocionada polo agasallo)

Veña, veña, que aínda que solo sexa polo agasallos vale a pena ir.

Pagan as consumicións e saen da taberna.

Na taberna queda tan só, Fernando. Pasados uns minutos chega Pepucha, que de xeito pausado e con curiosidade mira detidamente o local.

PEPUCHA -

Bos días.

FERNANDO -

Bos días, quere tomar algo?

PEPUCHA -

Fernando?, Porque ti es Fernando, non?

O fillo de Fernando,... o neto de Fernando,... (intentando lembrar) que a túa nai chamábase...

FERNANDO -

Fernanda, (con retranca) ... chámase Fernanda, e aínda vive comigo na casa.

E ti, es Pepucha?, a irmá de don Ramón?

Si, claro, agora recoñézoche.

PEPUCHA –

Si, son Pepucha. Non creo que cambiase tanto como ti.

E xa vexo que a vida por aquí segue máis ou menos igual.

Levo case trinta anos sen vir polo pobo e segue sendo a mesma...

FERNANDO -

A mesma marabilla. Un pobo no que a xente nos queremos e respectamos, onde cada cal coas súas teimas e diferenzas vive como pode, pero sen facer mal a ninguén.

PEPUCHA – (con certo desprezo)

Un pobo aburrido.

FERNANDO –

Pepucha, sempre aspiraches moi alto.

Xa me contou o teu irmán que che ía moi ben, co eurodeputado que tes como marido.

Vives en Bruxelas, creo lembrar.

PEPUCHA – (altiva e orgullosa)

Oui, Oui, si, si, no centro de Bruselas nun precioso *Palais*, ... un Palacio).

Bruselas é unha cidade marabillosa, ... como todo o que hai en Bélxica.

FERNANDO –

Non amoles Pepucha, de Bruxelas, só saíron boas as coles.

Parece que non che foi mal. Fuches do pobo buscando un bo partido, e deixáchesme aquí só e abandonado.

PEPUCHA –

Fernando, vexo que segues sendo tan bobo como cando eramos novos.

Eu só quería un futuro mellor que o que ti poderías ofrecerme.

Eu quería chegar lonxe.

FERNANDO -

E xa chegaches, a ... Bruxelas, pareceche pouco?

PEPUCHA -

Non me fas graza.

Díme, onde podo localizar ao meu irmán a tal hora?

FERNANDO –

Non fai falta que o busques, aí vén.

Entra Don Ramón, lendo un xornal.

FERNANDO –

Don Ramón, hoxe toca milagre. Mire quen veu!

PEPUCHA –

Ramón!

DON RAMÓN – (sorprendido)

Pepucha!, es ti?

DON RAMÓN –

Pero... Como non me avisaches que viñas?

PEPUCHA –

É que antonte lle xurdiu a Paco unha reunión no Parlamento de Galicia, e aproveitei para facer a viaxe con el e de paso ver como estades todos por aquí.

Avisouche se tivese o teu número de teléfono.

DON RAMÓN –

Tarde piaches! Claro que non podes ter o meu número de teléfono, levas anos sen escribirme.

A última carta que che enviei eu, foi fai un par de anos, e veume de volta.

PEPUCHA –

É que nos mudamos, estabamos nun apartamento e agora vivimos nunha enorme e preciosa residencia palaciega no centro de Bruxelas.

DON RAMÓN –

Moi ben vanvos as cousas polo que se ve.

PEPUCHA –

Pois si, casualmente desde que nomearon a Paco, Tesoureiro do Partido.

Desde entón compramos un chalé en Porta de Hierro en Madrid, á beira da Preysler, outro en Torremolinos, un apartamento moi cuco nos Campos Elíseos en París e uns terrenillos en Forteventura.

FERNANDO - *cantando.*

*Onde se mete a moza do dezasete?
De onde saca pá tanto como destaca?*

PEPUCHA –

Que insinúas Fernando?

DON RAMÓN -

Nada, querida irmá, non sexas suspicaz. Fernando quereche ben, seino eu.

É que polo que se ve, moi ben pagan no Partido ou moi aforradores debedes de ser.

PEPUCHA -

Ti non entendes de política.

Xa vexo que neste pobo non cambiaron moito as cousas. Todo segue igual, ancorado no pasado, iso si: máis coches, máis xente maior e ... pouco máis.

DON RAMON –

Pepucha, Pepucha, os anos pasan para todos.

PEPUCHA -

Déixache de indirectas.

Non imos discutir

Dime, a familia, que tal? Como están todos?

DON RAMÓN –

Ben, ben... Todos están ben.

PEPUCHA –

Como están as nosas primas, as trillizas?

DON RAMÓN –

Ah claro, non o sabes, as tres como se estaban facendo maiores e querían ser nais, decidiron poñerse de acordo para quedarse embarazadas ao mesmo tempo... O que me irrita é que ningunha ten parella.

PEPUCHA –

Pero e iso? Que foi... nun arrebatto?

DON RAMÓN –

Non, non nun arrebatto non foi. Teño entendido que foi no campo da feira.

PEPUCHA –

Meu Deus!

E, como está o noso curmán Pepe?

DON RAMÓN –

Moi ben, ... Despois do accidente, a verdade é que Pepe quedou bastante ben.

PEPUCHA -

Accidente, que lle pasou?

DON RAMÓN -

Nada grave.

Un día collendo cereixas para un dos seus netos, escorregou da cerdeira e unha rama cravóuselle no ollo.

PEPUCHA -

Pobre. Doe con só imaxinalo.

E terían que operalo, non?

DON RAMÓN -

Non, non fixo falta operalo.

PEPUCHA -

Por que? Curóuselle só o ollo.

DON RAMÓN -

Non, de feito, o ollo arrincoullo a rama, e quedou sen el.

PEPUCHA -

Non me digas que Pepe perdeu o ollo.

DON RAMÓN -

Imos ver, o ollo non o perdeu. Teno gardado nunha caixiña de madeira.

PEPUCHA -

Vaya desgraza.

E a súa nai, a tía Erundina, espero que ela se atope ben.

DON RAMÓN –

A tía Erundina está na Gloria.

PEPUCHA –

Ah, está ben entón?

DON RAMÓN –

Non, ... Non me entendiches. A tía Erundina morreu.

Por iso digo que está na gloria, na Gloria de Dios.

PEPUCHA –

Que enteireza tenía la tía Erundina.

DON RAMÓN –

Enteireza, enteireza non se se tivo.

O que si tivo foron arrestos para tomarse un par de botellas de anís que, segundo a doutora Carmela, provocáronlle un coma etílico.

O que é seguro é que morreu feliz, tiña un sorriso na cara que daba gusto vela.

PEPUCHA –

Cantas novas. Será mellor que vaíamos ata casa, e vasmе poñendo ao día.

FIN DO PRIMEIRO ACTO

SEGUNDO ACTO

Día 12 de febreiro. 18:30 horas.

Na Taberna están Fernando, na barra, Manuel, Antón e Mayte, compartindo unha mesa.

MANUEL -

Imos ver Antón, tes que ser máis comprensivo.

ANTÓN –

Non sei cal é o problema.

MANUEL -

Non podes actuar así. Se ves que non podes aguantarche, vas ao baño da polideportiva e xa está. Pareces un neno pequeno.

ANTÓN -

Pero para ir ao baño teño que entrar no recinto. É unha camiñada innecesaria.

MANUEL -

Xa pero iso non é xustificación para que te mexes na piscina.

ANTÓN –

Pero se o fai todo o mundo.

MANUEL -

Pode ser ... pero non desde o trampolín.

ANTÓN –

Manuel, non sexas esaxerado, ese non fun eu. Nunca subín ao trampolín, pero se teño vertixe ata asomándome ao portelo do coche.

MANUEL -

Cambiando de tema ... Que tal che vai no traballo? ... Escoitei por ahí algunhas queixas.

ANTÓN -

Sempre co mesmo: que se traballo pouco, que se non colaboro ... Habladurías sen fundamento. Eu teño as miñas cousas, como todo o mundo.

MAYTE

Home Antón, moi traballador non saiches, ou sí?

ANTÓN –

O que pasa é que eu aproveito a enerxía. Sempre o fixen.

Xa de pequeno, nos recreos aproveitaba os bostezos para beberme unha Coca Cola.

Mirade si estarei angustiado, que a semana pasada fun á consulta de Carmela, e debeume ver tan mal, tan mal, ... que me receiptou unhas pastillas para o cansazo.

MAYTE -

E que tal te foi con elas?

ANTÓN –

Comprar, tiña intención de compralas, pero non as collín porque... na Farmacia non quixeron poñermas na boca.

MAYTE -

Faltaría máis.

ANTÓN –

Tamén quixen comprar un libro sobre o cansazo, busqueino no Amazon, pero cando iba a mercalo, poñía que estaba... esgotado.

[Todos rín.](#)

Fernando achégase xunto deles.

FERNANDO -

Non se se vos decatastes, Xurxo, o que vende os cupóns do cego, díxome que onte tocou o cuponazo aquí no pobo.

MAYTE –

Ah!. Pois eu non sabía nada.

Teño que buscar a quen lle tocou para levar o diñeiro ao Banco.

Cun cliente así cumpro os obxectivos do ano.

FERNANDO -

Como lle gusta aos Bancos ir cazar novos millonarios.

Está visto que *“non hai palleiro sen palla”*.

MAYTE -

Como dicía o meu avó: *“ninguén come pan, se non o fan”*.

MANUEL –

Moi refraneiros vos vexo hoxe a todos.

Seguro que ou cuponazo lle tocou ao noso alcalde, cada vez que ten reunión do partido ven cun sobre cheo de cartos, e sempre dí que foi do premio dá lotería.

En todo caso, que o agraciado disfrute deles, e se pode ser que lle leve vos cartos ao Banco de Mayte.

ANTÓN -

Falando de Bancos, Mayte ten coidado cos atracos.

O outro día atracaron unha oficina bancaria en Burela e miúda armouse.

MAYTE -

Ah, pois non me decatei. Que pasou?

ANTÓN -

Foron dous atracadores.

A un pillárono in situ, porque tras coller o diñeiro, leu o cartel que tedes no portelo, que pon: *“antes de marcharse conte o seu diñeiro”*. E claro, pillouno a policía en pleno reconto.

MANUEL -

E o outro?

ANTÓN -

Parece ser que a policía tenta facer un perfil do xefe da banda, por agora teñen claro unha cousa, que debe de ser medio parvo.

Segundo parece fixeron dous buracos na fachada, un para entrar e outro para saír.

MANUEL – *(rindo)*

Está visto que en todos os sectores xa non quedan profesionais.

MAYTE -

Antón, que imaxinación tes, case me creo o do atraco. Poderías dedicarche ao humor, creo que tes madeira.

Mayte mira o seu reloxo.

MAYTE -

Teñen que estar a piques de chegar o alcalde e Don Ramón, ardo en desexos de saber para que nos convocaron.

ANTÓN -

Case puntuais. Aí veñen os dous xuntiños. Vaia par!

Entran Justo e Don Ramón, e se quedan de pe, xunto a mesa ocupada polos demais.

JUSTO -

Boas tardes, perdoade a présa na convocatoria, pero onte pola tarde dimitiron os membros da Comisión encargada das festas patronais, para amolar, por algo son da oposición..., e claro temos que substituílos.

E buscando aos mellores, convoqueivos a vós e vós, os meus conveciños preferidos.

DON RAMÓN -

Non podo con tanta demagogia; Fernando, un café, por favor.

JUSTO -

A min, outro, pero con pingas.

MANUEL -

Xam pero primeiroilmos ver, como vai a ser o programa da festa deste ano?

JUSTO -

Alégrame que o preguntes. Téño moi claro. Viaxei moito e teño ideas novas. Faremos algo diferente. Este ano gustaríame que houbera unha romaría popular xunto ao río, con animación con gaiteros e grupos de baile, con postos de venda de polbo, empanadas, pan, viño, ... E como fin de festa, atención ides a flipar ...

DON RAMÓN

Unha misa campestre?

JUSTO –

Misa campestre?... Non home, non.

Algo moito mellor, imos contratar un grupo de brasileiras para que veñan a bailar unha samba.

(á vez que simula o baile da samba)

ANTÓN – *(con retranca)*

É o bo de ter un alcalde viaxado, sempre trae ideas brillantes e orixinais.

MAYTE -

Xa, xa, pero o problema seguro que é o orzamento. Hai cartos suficientes?

JUSTO -

Hombreee! Conseguín un patrocinador que só pon unha condición, ou mellor devandito tres condicións.

DON RAMÓN -

Medo téñolle señor alcalde, quen vai querer patrocinar as festas dun pobo tan pequeno?

Sabe Deus que quererán a cambio!

JUSTO -

Non pensedes mal ... O patrocinio sería do meu propio partido político.

Xa sabedes que nos acaban de condenar esa cuadrilla de xuíces ingratos, a soldo seguramente da oposición, e como queremos que o cidadán e votante confíe en nós, o partido vai patrocinar as festas alá onde gobernamos.

E iso con tres condicións: que apareza o noso logo no cartel de festas, que teña moita difusión nos medios de comunicación, e, no caso das festas de Brétema, que eu mesmo sexa o pregoeiro.

DON RAMÓN -

Xa mo temía eu, facendo precampaña.

Nótase que están próximas as eleccións municipais.

JUSTO -

Don Ramón, cale, que vostede en cada misa e sermón, tamén fai campaña ao seu xefe.

E aínda encima pasa o cepillo. Iso si tiñan que investigalo.

DON RAMÓN -

Para discutir fan falta dous, e comigo ... non conte.

JUSTO – *(enoxado)*

Con vostede xa non conto nunca, jajaja.

DON RAMÓN –

Mellor, non quero que o meu nome aparezca xamais xunto o seu.

JUSTO –

Imos ver Don Ramón. Eu podo chegar a entender que, en ocasións, vista vostede de vaqueiros, e que use camisas de flores, pase.

Pero que ao chegar a Semana Santa peche vostede a Igrexa e poña un cartel na porta que di: *“Pechado por falecemento do xefe”*.

MANUEL -

Teñamos a festa en paz!

MAYTE -

Eu propoñería traer alguén con tirón para atraer á xente nova.

DON RAMÓN –

O Señor Bispo?

MAYTE –

Non, non. Encantaríame que viñesen as Tanxugueiras.

JUSTO -

Sempre co mesmo. Tanta gallegada xa aburre.

Hai que ser máis modernos e europeos.

ANTÓN -

Se fósemos máis modernos e europeos, posiblemente non teríamos o alcalde que temos.

JUSTO -

Cala sobriño, cala, es o menos apropiado para falar.

Necesito que polo menos tres de vós conformen a Comisión, quen se apunta?

MANUEL -

Conta comigo. E estou seguro que Carmela sumaríase tamén. Eu encárgome de convencela.

ANTÓN -

Eu ...

DON RAMÓN -

Ti...

TODOS - *(simultaneamente)*

Estás moi ocupado, ... xa o sabemos.

MAYTE -

Eu tamén me sumo, e tentarei que o Banco nos axude dalgunha maneira.

JUSTO -

Perfecto *(aplaude)*, do entendemento e o diálogo nace o progreso.

DON RAMÓN -

Será mellor calar.

JUSTO – *(dirixíndose a Don Ramón)*

Déixese de bobadas, e veña comigo ata o Concello que lle quero ensinar a maqueta da estatua na miña honra que quero poñer na praza maior.

Ambos se van.

Marisol e Lola, entran falando entre elas, van a unha mesa, Fernando as atende...

FERNANDO -

Mozas tedes que inscribivros nas viaxes do Imserso. Din que se liga moito.

MARISOL –

Pois é verdade, parece ser que o que non curan unhas cervexas, cúrao unha viaxe.

LOLA –

Ah, pois apúntome. Se Deus quere e tócanos unha viaxe xuntas, poderíamos pasalo moi ben.

FERNANDO –

Se me levades eu tamén me apunto. Onde caben dous, caben tres.

MARISOL –

Fernando, tes vocación de pescador, sempre tirando a cana, para ver se algunha pica.

Chssss!! Calade, calade, que veñen Marica e Maruxa, non vaia a ser que se queiran apuntar tamén, e espántennos aos mozos.

Entran Marica e Maruxa, poñense nunha mesa; acercase Fernando...

FERNANDO –

Boas tardes, que van tomar as irmás máis guapas do pobo?

Nese momento entra Carmela, saúda a todos.

LOLA -

Carmela ven con nos, anda

MARISOL –

Boas tardes doutora.

CARMELA –

Boas tardes rapazas, que tal estades?

FERNANDO –

Así xuntas pareceades as trillizas que lle facían os coros a Julio Iglesias.

As tres sorrín e Carmela pide algo para tomar.

LOLA –

Carmela se non che importa, aínda que ía pedir cita na consulta, case que xa cho pregunto aquí. É polo que me pasou co dentista que me recomendaches.

CARMELA –

O doutor Caries? É un magnífico profesional.

Pero dime, tiveches algún problema?

LOLA –

Tratoume moi ben ... Fíxome un par de empastes e deume unhas pautas para conservar mellor a dentadura.

O que pasa é que desde que sigo as súas indicacións, pásome todas as noites rindo como unha tola, e polas mañás unha dor de cabeza que... todo me dá voltas.

CARMELA –

Qué raro! Algo debe estar mal. Talvez sexa unha reacción alérxica ou algo así.

LOLA -

Iso creo eu. Pero mira, esta é a nota que me deu e que sigo ao pé da letra.

CARMELA –

Que é o que pon?

LOLA –

Que para evitar ter dor, o mellor é que cada noite tome augardente durante varios minutos....
Mira, mira, aquí a tes.

Lola lle pasa unha nota, tipo receta, a Carmela.

CARMELA -

Non filla non, aquí o que pon é que: *“para evitar dor o mellor é que polas noites lave os dentes durante varios minutos”*.

Non pon auga ardente, pon lave os dentes.

LOLA -

Vaia muller, agora tamen teño mal a vista. Terei que mirarme logo.

Pois é unha pena, porque ... o que se notaba é que desde que tomaba o augardente estábame pasando a depresión.

CARMELA -

Imos ver Lola, cando queiras algo, non fai falta que pidas consulta, chámame por teléfono.

Lola asente.

CARMELA -

Marisol, como estás? facía tempo que non che vía. Imaxino que estarás ben.

MARISOL -

Estiven uns días en casa dos meus sobriños.

Sentíame como unha raíña.

LOLA –

Do ben que che trataban?

MARISOL –

Non Lola, non. Sentíame como unha raíña porque estaba rodeada de zánganos.

CARMELA -

E que tal está a túa cuñada Estrela?, desde que morreu o teu marido, non volveu por aquí.

MARISOL -

Marchou para Arxentina.

CARMELA -

Pois a Arxentina creo que non está moi ben ultimamente. Por que se foi?

MARISOL -

Foise por culpa da soidade.

CARMELA -

Pero se sempre viviu soa. Que raro xa estaba habituada á soidade.

MARISOL -

Non Carmela, non. A súa amiga Soledad pediulle diñeiro prestado e nunca máis soubo dela.

E a Estrela dáballe tanta rabia e vergoña, que se foi a Arxentina cuns parentes.

CARMELA -

Entón está claro o diagnóstico: foise buscando ... Buenos Aires.

Na mesa onde están Mayte, Antón e Manuel

MAYTE -

Antón, tes que ter máis confianza en ti mesmo. Todos temos capacidades especiais, diferentes.

ANTÓN -

Iso mesmo penso eu. As veces penso en cambiar a miña vida, porque a min máis que os expedientes administrativos o que me gusta é o humor. De feito, escribín varios monólogos.

MANUEL -

Vaia sorpresa Antón. Non che imaxinaba facendo humor.

Pois estaría ben que un día nos contases algún de eses monólogos.

ANTÓN -

Non sei, non sei.

MAYTE

E son bos os teus relatos?

ANTÓN -

Depende.

Todo é relativo.

MANUEL -

Iso é certo Antón.

Todo é relativo como cando sinte como bolboretas no estómago, para uns é amor e para outros [\(mirando para Carmela\)](#) ... unha simple gripe.

Na mesa en que están Marica e Maruxa.

MARICA –

Oíches miña nena, esquecín decirche que acabei de montar o armario que compraste no IKEA para o dormitorio da nena.

MARUXA -

Válgame Deus, ... *pero se era unha cama!!*

MARICA – (Moi dramática)

Xa me parecía a mín que tiña una forma moi rara.

Ao chegar a casa vou ver se sou quen de arranxalo, vexa que non sirvo para moito.

MARUXA -

Pero mira que és dramática, muller.

MARICA -

Xa sabes que teño vocación de actriz.

Oíches Maruxa, falache con a miña afillada? Como lle van os estudos en Santiago?, fai tempo que non falo con ela.

MARUXA –

Onte mesmo chamoume. Está ben. A nena está ben.

Leva moi ben o embarazo, e parece que o que feito de teña tanto alcol no sangue non lle está afectando para nada ao feto.

Marica pon cara de susto.

MARICA -

Pero, pero... a nena... bebe alcohol?, está preñada?

MARUXA -

Ambas as duas cousas!

Ademais tras romper co mozo que a deixou preñada, colleu un novo mozo, dis que un un cantante de reguetón con gran futuro, aínda que por agora vive da Risga.

MARICA –

Pero, qué me estás contando?... A miña nena.

MARUXA -

E aínda que non cho quería decir ata que viñera por casa, que saibas que a liposucción das pernas saíu bastante ben.

Tan só quedou con algo coxa dunha perna, pero espera non estar máis de oito semanas coa cadeira de rodas.

Marica non pode mais, está a punto de estalar.

MARICA –

Non sabía nada de todo isto. *Ay miña afillada querida!*

Pero ... Volveuse tola? A nosa nena ... non ten mais que 18 anos, e eu preocupada polos seus exames.

MARUXA -

Ah, se é iso. Non te preocupes, a cousa non vai mal. Ata o de agora aprobou tres dos cinco exames que fixo.

MARICA -

Menos mal Maruxa, unha boa noticia.

MARUXA –

Pois agora que o dixeriches, que saibas que o anterior era unha trola, era para que te tomases mellor os resultados nos estudos da tua afillada.

MARICA -

Mira que eres bruxa.

MARUXA – (enoxada)

Iso non o esperaba, ti tamén chamándome bruxa. Como volvas facelo bótoche un mal de ollo.

Cala, cala e paga que nos imos.

Marica paga e ambas se van.

MANUEL – (dirixíndose aos seus compañeiros de mesa)

Tédesme que perdoar un segundo, que teño un asunto pendente.

Se levanta e diríxese onde está Carmela.

MANUEL -

Carmela, non sei se interrumpo, pero quería consultarche algo polo que estou moi preocupado.

CARMELA -

Qué ocorre?, atopaste mal?

MANUEL -

De saúde estou ben.

É por outra cousa, necesito falar contigo, so preciso un par de minutos.

(dirixíndose as compañeiras de mesa) Non vos importa que leve a Carmela un par de minutíños?

CARMELA -

Vale. Sen problema.

Se che parece sentamos nesa mesa.

LOLA –

Ide, ide. Xa sabedes que eu non son nada cotilla.

MANUEL -

Carmela, perdóame se son algo atrevido, pero levo tempo pensando algo desde fai tempo e non sei debo facelo ou non.

CARMELA -

Vacunarte da gripe?

MANUEL -

Non, non, vacunarme, non.

CARMELA -

Facer una analítica?

MANUEL -

Carmela, non me tomes de coña por favor.

CARMELA -

É que te pos tan serio, que me asustas. Que pasa?

MANUEL -

Quería dicirche ...

Qué desde hai tempo ...

CARMELA -

Tes molestias?, durmes mal?, dolores musculares? problemas respiratorios?,...

MANUEL – (interrompendo a Carmela)

Non, que non. Non é un problema de saúde.

É que ... Quería dicirche ...

Qué desde hai tempo ...

Moito tempo atrás ...

CARMELA -

Manuel, que me vas a cantar unha rancheira de las de Rocío Durcal?, ou que?

Estás a poñerme nerviosa, dime que che pasa.

Confía en min, es un bo amigo e se non é algo de saúde, podes consultarme igual. Sabes o aprecio que che teño e que podes contar comigo para o que sexa.

MANUEL -

Eu tamén che considero unha boa amiga, pero quería preguntarte...

Se queres... se queres,... se queres... ter unha cita comigo.

CARMELA -

Unha cita? ... Unha cita médica?

Manuel nega movendo a cabeza e loce un doce sorriso

CARMELA -

Unha cita ... para ... para sair xuntos?

MANUEL -

Levo tempo querendo pedirte unha cita Carmela, pero non me atrevía.

CARMELA -

Pero Manuel. Dixéronme que tiñas unha noiva na Coruña.

MANUEL -

Eu. Que va ... Se teño menos éxito que un boxeador manco.

Non teño moza desde primeiro de parvuliños. E aínda así, deixoume ela a min, por un rapaz de segundo.

CARMELA -

Non se que dicirche.

Así, tan prematuro.

MANUEL -

Canto tempo necesitas?

Un silencio duns segundos. Carmela acerca a súa cadeira a de Manuel.

CARMELA -

Tan só un segundo ... Si

Estarei encantada.

Pensaba que só querías a miña amizade, por iso sempre fun máis comedida.

Pero, ... ti tamén me gustas.

Gústasme moito.

Pasado un rato, entra o alcalde, Justo, cun par de acompañantes que traen un atril e un cartel electoral. Justo pide silencio e atención aos presentes.

JUSTO –

Queridos conveciños desta fermosa vila de Brétema ...

Fai catro millóns ... Perdón, estaba a pensar na miña conta corrente.

Fai catro anos atopábame aquí mesmo pedindo a vosa confianza e o voso voto.

E hoxe estou aquí de novo, aproveitando que estades unha moi boa representación da cidadanía (e os meus preferidos...) *(todos apupan)* nesta tan nobre e acolledora vila, quero compartir unhas reflexións como como candidato á reelección para alcalde.

MAYTE -

Pois eu non estou segura de que votar sirva para algo.

PEPUCHA -

Votar é moi importante. Se o saberei eu ... vivimos diso.

JUSTO -

Amigos e amigas, coñecédesme e xa sabedes do que son capaz.

DON RAMÓN -

Iso soa a ameaza.

JUSTO -

Pídvos catro anos máis para seguir avanzando xuntos.

Necesito de todos os vosos votos para completar o meu proxecto, un proxecto ambicioso que fará deste pobo, o pobo máis fermoso e con máis atractivo de toda a Comarca.

Comigo teredes un cómplice para facer realidade os vosos soños.

MARUXA -

Nós necesitamos internet por cable. Queremos vender queixos por Internet, montar unha canle en Youtube e un Blogue.

MARICA -

Iso, iso. Ademais e moi urxente, non teño case cobertura para poder ver a miñas películas no ordenador.

ANTÓN -

Tío, eu o que quero e un posto con menos traballo no Concello.

LOLA -

Carallo, como espabilaches Antón.

MAYTE -

O que fai falta e crear un centro multiusos para concertos, bailes, festas, ...

PEPUCHA -

Pois eu teño Pois eu teño unha proposta que seguro que lle fará moi feliz, xa que sería de xustiza que se vostede volve ser alcalde convide ao meu Paco para que sexa o pregoeiro das próximas festas.

É toda unha autoridade e daríalle lustre a esta aldeíña.

JUSTO -

Por Deus Pepucha, non te ofendas, pero o discurso o teu marido é máis antigo que o rodapié das covas de Altamira.

PEPUCHA -

Será badulaque. Pois que sepa que o seu discurso é máis aburrido que unha conferencia dun contertulio da televisión sobre as orixes do Universo.

CARMELA -

Hai que investir máis en saúde e cultura. Que isto parece un pobo do século pasado.

MARISOL -

Eu boto de menos facer cursos de galego, de arte, de teatro e de cinema con móbil.

LOLA – *(con ironía)*

Habería que construír un recinto para Congresos e inauguralo, visto ou visto, cun sobre a presenza de vida intelixente en Galicia.

JUSTO -

Por favor, por favor ... *Parade ol carro! Que non hai tempo nin diñeiro para tanto.*

Quero que saibades, m que por agora só aspiro a ser o voso alcalde.

Sabedes canto vos aprecio. Sempre vos escoito, e procuro atender as vosas demandas, pPero lembrede que estamos nun momento de crise, e nestes casos hai que tomar decisións para combatela.

Vou poñer un exemplo ...

Hai uns anos no parque do pobo, onde están os patos, colocamos un cartel que poñía:

“Por favor, non darlle de comer aos patos”.

Desde a pandemia do Covid, cos estragos económicos que causou, cambiamos o rótulo polo de:

“Por favor, non quitarlle a comida aos patos”.

Pois agora, aínda estamos peor por iso imos poner un cartel que diga:

“Por favor, non comerse os patos”.

Xuntos superaremos esta crise, e sairemos fortalecidos, y para iso fai falta un líder en quen confiar, e en min, teredes un fiel servidor, por iso elixín como slogan para esta campaña:

“Vota a Justo, e dormirás a gusto”.

Non levarás ningún susto nin ningún desgusto...

Votádeme na confianza de que a miña única ambición é que chegue o día do meu adeus, e deixe este mundo, na miña lápida poña un texto moi simple: *“aquí xace Xusto o voso alcalde, e un home honrado”.*

MANUEL -

Ah, é que van enterrarse dous homes na mesma tumba?

[Todos rín.](#)

FIN DO SEGUNDO ACTO

TERCEIRO ACTO

Día 17 de xuño. 11:30 horas. Día das festas patronais en Brétema.

Na Taberna están na barra: Fernando, Carmela, Don Ramón e Antón.

FERNANDO –

Don Ramón, non se estará pasando co viño. Mire que este non está consagrado e pódesele subir á cabeza.

DON RAMÓN –

Non te preocupes Fernando. Bebo en hora da nosa patrona a Virxe da Humildade.

ANTÓN -

Humildade é o que lle falta á maioría dos veciños. Todos se cren perfectos, e non se dan conta que o único veciño perfecto son eu.

DON RAMÓN -

Moi bo apunte Antón. Iso sería un bó argumento para un monólogo.

FERNANDO -

Iso é ... Monólogos é o que tiñamos que poñer no programa de festas, seguro que atraería moita xente ao pobo.

ANTÓN -

Pola miña parte, sen problema. Teño menos vergoña que un político comprando máscaras.

DON RAMÓN -

Ah, pois se te animas, eu tamén podoo facelo, ... coa axuda de Dios, claro.

CARMELA -

Pois eu non vou ser menos. Teño un monólogo que acabo de escribir para enviar ao xornal.

Nese momento chega Justo que se une ao grupo.

JUSTO –

Bos días!

FERNANDO –

Bo día señor Alcalde, que vai tomar?

JUSTO –

Ponme un vinito.

FERNANDO -

Agora mesmo.

JUSTO –

Que tal Antón? ... Hoxe acordeime de ti.

Estiven a comer co presidente da Deputación e díxome que tiña un asesor ao que lle pasa como a ti.

É un fenómeno. Achácanlle que é lento, pero a súa xornada acaba ás tres, e sempre chega a súa casa antes das dúas e media.

Todos rín.

FERNANDO -

Señor alcalde estabamos a pensar que podería ser interesante facer un concurso de monólogos. De feito, os aquí presentes parece que teñen historias que contar e que poderíamos incluír nun festival ou algo así.

JUSTO -

Por fin unha idea aproveitable!

Poderíamos montar o Festival de Monólogos de Brétema. Eu podería facer de presentador, así podo lucir os meus magníficos discursos.

Sería unha forma de atraer turismo, e de dar-me a coñecer.

Vai decatarse Abel Caballero e as súas luces de Nadal... Vou ser o alcalde que máis brille en Galicia.

FERNANDO -

Pero primeiro haberá que validar que tal o fan os nosos veciños.

Antón, empeza ti!

Antón fai un exercicio de concentración e...

ANTÓN -

Un moi cortito, non vaia a ser que me canse.

Vai de reflexións.

Non entendo porque non nos tratan a todos por igual.

Cando vou ao ximnasio, aos meus compañeiros mídenlles o tempo que dedican a facer exercicios cun cronometro, a min cun calendario.

Onte mesmo, tras acabar as 12 flexións en 4 días, e repoñer os líquidos perdidos cunha boa dose de cervexas, cando ía camiño de casa, atopei un control da Garda Civil, achegouseme un deles e díxome: Alto, Garda Civil! ao que eu respondín: Frouxo, funcionario!

Unha multa de 150 euros, retirada de 12 puntos e un bochorno terrible cando me gravaron os da Televisión e me fixeron fotos os do xornal.

E falando da prensa, onte lin que cada 10 minutos un neno ten un accidente. Pobre neno, ... debe estar machucado!!

Todos rín.

FERNANDO -

Ben Antón, vexo que herdaches o talento da túa familia.

De feito, lémbra-me ao teu tío Mauricio, que sempre foi moi rañas. Cando faleceu a súa muller, na necrolóxica do xornal quería poñer: *“Concha morreu”*.

Pero o empregado da Funeraria díxolle que se quería podía poñer algo máis pois ata seis palabras era gratis. E entón puxo: *“Concha morreu. Vendo a súa roupa”*.

DON RAMÓN -

Pois agora tócame a min. Vou contar dúas anécdotas na miña vida pastoral.

Nunha ocasión veu un veciño á igrexa para dicirme que acababa de nacer o seu segundo fillo, e que estaba moi preocupado porque o neno era moi feo, moi feo, moi feo.

Díxome que era tan feo que cando naceu, a matrona no canto de darlle a tradicional losqueada ao crío, deullo aos pais.

Se sería feo que a súa nai non lle daba peito, dáballe a papilla con tiracroios.

Tan feo, tan feo que pola noite o coco acendía a luz.

Tras escoitalo pregunteille se quería que lle dese o Sacramento do Bautismo, e el díxome que non, que o mellor sería facer un exorcismo.

A segunda anécdota sucedeu un día no confesionario. Veu un mozo moi angustiado. Pregunteille que lle pasaba, e el, compunxido, díxome: pai ... que estou posuído por un demo chamado "hai que" ...

Pregunteille porque pensaba que estaba posuído, e díxome que todos os días oía unha voz, dese ser, "hai que", que lle dicía: Cariño, hai que ... hai que pintar o corredor, hai que lacar as portas, hai que baixar o lixo ... Así todo o día., todos os días.

Eu mireille a man, vin o anel no dedo e díxenlle: Non fillo meu, non, posuído non, o que estás é casado.

Todos rín.

JUSTO -

Carallo Don Ramón!, non lle coñecía eu esa faceta cos seus fregueses.

FERNANDO -

Carmela, a túa quenda. Puxeron o listón moi alto, pero seguro que nos sorprendes con algo diferente.

CARMELA -

Vou falar dos miserábels.

Eu teño coñecidos que responden a este perfil.

Pepe Setero, un ex-compañeiro de traballo era un exemplo do que é un miserábel. Parece ser que de neno xa mostraba maneiras. Unha vez no colexio atopou unha tiritita, e fíxose, intencionadamente, un corte nunha perna para poder aproveitala.

Xa de maior, durante un tempo ía da súa casa ao traballo correndo detrás do autobús, para así aforrarse o seu custo, ata se deu conta que se corría detrás dun taxi, aforraría moito máis.

Presumía do feito de que no segundo, no terceiro, no cuarto e no quinto aniversario da súa filla só puxo unha vela, total a nena non sabía contar.

Hasta chegou a poner, na ducha da súa casa, unha pequena horta para aforrar na auga. Pero iso non é todo, cando cociñaba, no canto de pelar as patacas, lixábaas.

Un día atopou unha mosca na sopa e fíxolle vomitar o que tragara.

Se será avaro que un día tragouse unha moeda de 2 euros, e cando a expulsou só botou 5 céntimos.

Todos aplauden.

JUSTO -

A verdade é que non sabía que neste pobo houbera tanto gracioso.

Facédelo moi ben, case case como eu de alcalde ...

Logo falamos e vemos que podemos organizar.

ANTÓN -

O teu dispor, tío.

Chegan Marica e Maruxa e ocupan nunha mesa baleira.

MARICA -

Irmá, que te pasa?

Levas toda a mañá sin dicir nin unha sola palabra.

MARUXA -

Ando preocupada muller. Onte a miña filla dixome que esta fin de semana viña ela sola, sen o seu mozo.

Entón falei co él.

Pero non logrou quitarme as dúbidas.

MARICA -

Pero logo, que foi o que che dixo?, muller.

MARUXA -

Dixome que o fin de semana se ía da casa.

E como é andaluz, non sei se é que se vai de casa ou é que vai cazar coellos.

MARICA -

Non te preocupes a miña afillada é lista como a sua nai, ela sabe ben o que fai.

Don Ramón vai xunto delas.

DON RAMÓN -

Bos días queridas freguesas. Hai tempo que non vides pola Igrexa.

MARUXA -

Pasa can fora!

Don Ramón sobresáltase.

DON RAMÓN-

Xa sabedes que acollemos a todos, e gustaríanos que de cando en vez viñésedes por alí.

MARUXA -

A min non me volven a liar. Cando tiña uns sete anos, a miña irmá Marica convenceume para ir ao catecismo: "*É moi divertido: poñémonos de pé, logo sentámonos, de xeonllos, de pé, de xeonllos outra vez, sentar de novo...*", díxome.

Eu pensei que sería como xogar ou facer aerobic.

Fun e aguantei un tempo, pero non me enganchou, e iso que teño que recoñecer que as poucas veces que fun, atopei bastante coherencia no que predicán.

Recordo que un domingo o catecismo trataba sobre "*Xesús camiñando sobre as augas*" e ao domingo seguinte anunciaban: "*buscando a Xesús*"...

DON RAMÓN -

Ay Maruxa, Maruxa!, o bo humor, se se fai con respecto, sempre é unha fonte de satisfacción.

Chegan Lola, Marisol, Pepucha, Manuel e Mayte e se ocupan unha mesa.

FERNANDO -

Bos días, benvidas vosas mercés, que van tomar?

PEPUCHA -

Segues tan zalamero como che lembraba Fernando. Pero non se porque agora ... fasme máis graza.

MAYTE -

Se vos parece tomámonos uns vinitos.

PEPUCHA

Eu prefiro un Cointreau. É máis elegante! Ou se non, ... mellor unha Estrela de Galicia.

Fernando toma nota.

Se acerca Carmela e toma asento con elas.

LOLA -

Que vos parece iso de que agora as mulleres queiran traballar en todo, en sitios mesmo onde din que as mulleres non estamos capacitadas.

Mulleres policías, bombeiras, no exército, ... É increíble, nunca tal cousa se viu.

Eu penso que podemos facer de todo. Pero cada vez hai mais homes que din que non.

MARISOL -

Debe de ser un xene que teñen os homes.

Nunha ocasión díxenlle ao meu defunto marido que era un machista. E sabedes o que me respondeu? ...: *Como vou ser machista, se fago a compra, cociño, friego e fago todas esas cousas de mulleres?*

MAYTE -

É que, ás mulleres sempre nos marxinaron, e ou ben se nos prohibía facer determinadas cousas, ou se algunha destacaba en algo, os homes apropiábanse dos seus méritos e obras.

Mirar, hai que seguir loitando para que todos, homes e mulleres podamos facer o que desexemos, sen trabas nin restricións, máis que as limitacións que cada un teña o se autoimpoña.

LOLA -

¡Así se fala Mayte! Si miña nena, é un longo camiño, pero algo avanzamos desde aqueles tempos da Sección Feminina.

Todas rín.

MARISOL -

Esperemos que isto cambie pronto. E se a educación, as leis e demais non serven, teremos que pedir axuda a Maruxa.

CARMELA -

Maruxa ten un don, está conectada coa Natureza, e ademais ten moito sentidiño.

LOLA -

Si, si. De feito, a súa nai, a min salvoume a vida.

MANUEL -

Cómo? ... Iso non o sabía.

LOLA -

Si, si. Non vos contei nunca esa historia?

Todos din que non.

LOLA –

É que cando eu era pequeniña, tiven ... a sombra.

Choraba todo o día sin consuelo de ningún tipo.

PEPUCHA -

Como que a sombra? Que é iso?

CARMELA -

Polo que escoitei, creo que a sombra, ou aire de defuntos, é unha especie de maldición que sofren os nenos ou nenas, non natos ou recentemente nados, cando lles dá a sombra do cadaleito que conduce a un morto no camiño ao cemiterio para o seu enterro.

PEPUCHA -

Parvadas!

LOLA -

No meu caso, a miña nai non fixo caso os consellos que lle deu a miña madriña, que era unha meiga, e foi ao enterro do tío Elisardo, e parece ser que lle deu a sombra do ataúde a ela, e o espírito do morto pasoume a min.

MARISOL -

Iso parece sacado dun capítulo de Expediente X deses que tanto lle gustan a Marica.

LOLA -

Quita, quita. Para sacarme ou mal dá sombra, mesmo meteronme nun forno quente, cando tiña tan só tres meses.

CARMELA -

Parece-me a mín que naqueles tempos ao que chamaban sombra... eran realmente gases.

LOLA -

Pode ser.

Todos rín.

MARISOL -

Non se como pode des crer nesas cousas.

Lola, e ti que es tan crente e devota, non deberías tentar ao díaño.

Fernando, Xusto e Don Ramón se rín e falan baixiño entre eles.

MARISOL -

Xa quixese saber de que falan os da barra, que tanto rín.

LOLA -

Ten coidado, non che vaia a pasar o que a min.

MAYTE -

Que che pasou?

LOLA -

Hai uns días tiven que ir a Santiago por uns papeis da pensión. E fun tomar un café ao Casino. Estaba sentada cando oín: cal é o teu peor defecto?

Que me meto nas conversacións alleas, dixen eu.

Entón unha moza que estaba na mesa do lado, mira para min: *“oia señora, non se meta, que estou a falar por teléfono co meu mozo”*.

MANUEL -

É que xa che vale.

LOLA -

Si o si, xa mo dicía o meu defunto marido: *“Lola, non és consciente pero sempre és capaz de encherme de paz. Sobre todo cando marchas da casa”*

MARUXA -

É o que teñen as parellas. Hai que elixir ben.

CARMELA -

Vivir en parella non é nunca sinxelo.

MANUEL -

Carmela non o dirás por nos.

CARMELA -

Non, non, cariño. Polo menos por agora.

Quero dicir que nunca sabes como é unha persoa ata que non conviviches con ela en todo tipo de situacións.

MANUEL -

Eu non teño dúbidas cariño.

Xa sabes o que din da parella dun. Neste caso ti, cando sexas a miña muller, estou seguro que me axudará a superar todos os problemas que non tería se non nos huberamos casado.

CARMELA -

Eu tamén che quero.

MANUEL-

Cariño, sabes que son o home máis feliz do mundo desde que casamos.

CARMELA –

Nunca tal soñache!

MANUEL-

Xa o dicía o informe final dun estudo realizado pola Universidade de Oxford.

Este informe, tras falar con milleiros de homes en todo o mundo, chegou a conclusión, de que o estado de casado, é o estado que máis felicidade causa ao home.

Só por detrás do de solteiro, separado, divorciado e... morto.

Todos rín.

MARUXA -

Está claro, pero aínda así, hai xente que é capaz de ter un comportamento cara aos demais, e outro no interior da súa casa.

PEPUCHA -

Maruxa, se o saberei eu, estou casada cun político.

FERNANDO –

Conmigo, non che pasaría iso.

MARISOL -

Para raro o meu defunto Antonio. Que tanta paz teña como tranquilidade deixou.

Antes de morrer díxome: como sempre che dixen: nunca fumei, non bebín alcol, non consumín drogas, non defraudei a Facenda, non che fun infiel, ... pois ben, chegada a esta hora, quero recoñecer o meu único defecto: son moi mentireiro.

Todos rín.

FIN DO TERCEIRO ACTO

CUARTO ACTO

Día 11 de setembro.

Día oficial de apertura do curso escolar. 12:00 horas.

Todos os protagonistas están na Taberna. Tamén están presentes a Princesa de Asturias e a súa irmá, a Infanta. Os veciños cantan o himno galego mentres as altezas reais despídense de maneira maxestosa de todos os presentes.

En canto saen da Taberna, paran de cantar o himno e comencan a falar entre eles.

FERNANDO -

Señoras e señores, un pouco de tranquilidade por favor.

Falades todos xuntos e estádesme estresando.

Estou máis angustiado que Don Ramón bautizando a un Gremlí.

JUSTO -

Hoxe acabamos de vivir un día que pasará á historia deste pobo.

A visita da súa alteza a princesa de Asturias, Dona Leonor de Borbón, e a súa irmá a infanta Dona Sofía foi o maior acontecemento en séculos.

Os nosos netos, incluso os de Don Ramón, lembrarano.

DON RAMÓN -

Pero que baralocas!

Ademais, aconséllolle que a próxima vez non bique tan efusivamente ás súas altezas, xa ve como terminou o de Rubiales.

JUSTO -

Escuchadme veciños e veciñas de Brétema: *É un orgullo y satisfacción ...*”

De fora escoitase a princesa e a infanta gritar: ¡Avó!!

Todos rín.

JUSTO -

Perdoade altezas, non son o voso avó, o estrañado emérito, ...

Son Justo, o alcalde.

[Nese momento entran cámaras de TVG e se dirixen ao alcalde ao que lle piden que faga algunha declaración.](#)

JUSTO -

Aproveitando a chegada dos medios de comunicación quero facer en nome dos meus queridos conveciños unha declaración institucional.

Din dos galegos cando estamos nunhas escaleiras non se sabe se subimos ou baixamos. O que non saben é que iso ... depende.

Porque o “*depende*” debese declararse patrimonio cultural de Galicia.

MARISOL -

Dos galegos tamén din... que cando nos fan unha pregunta respondemos con outra ...

Por que o dirán?

MANUEL -

Nos, os galegos, sabemos moito de música.

Temos orquestras como a Paris de Noia, a Panorama, o a Sintonía de Vigo.

E por riba de todo, temos as Tanxugueiras.

CARMELA -

No Entroido temos os peliqueiros, os cigarrons, as pantallas e, que sei eu.

No Samaín andamos de festa cos difuntos

E no Nadal temos o Apalpador, os Cantares de Reis e moitas panxoliñas.

ANTÓN -

Porque os galegos temos moito aguante.

Estamos afeitos sufrir, xa sexa porque que nos movan os marcos, ou, por desgraza, porque cada poucos anos teñamos outro “*Nunca Mais*”

MAYTE -

Se temos frío, poñémonos unhas tocas, se chove uns zocos, e se temos fame tomámonos un bo lacón con grelos, un polbo a feira, e unhas cantas filloas, e se quedamos con fame, seguro que o noso anfitrión sempre nos fará un bo bistec de tenreira galega.

PEPUCHA -

Porque hai galegos por todo o mundo, e cando estamos fóra emocionámonos ao escoitar unha gaita, ao escoitar a alguén falar co noso acento, ou simplemente lembrando o cheiro da terra mollada ou o salitre do mar.

FERNANDO -

Aos galegos gústanos a festa, por iso facemos a festa do marisco, do cocido, da empanada, do queixo... e, se non hai festa facemos unha foliada.

E, cousa improbable, se te cansas para comer, ... poderás degustar os mellores viños, a mellor cervexa...

Ai esa Estrela de Galicia!...

Que sería deste Nubeiro sen esa estrela ben fría.

DON RAMÓN -

Porque en Galicia, grazas a deus, cabemos todos, os crentes e os ateos, os lerchas e os riquiños, os que falan galego e os que prefiren o castelán.

Porque o orgullo de ser galego e moito mais que o argumento para facer anuncios publicitarios interesados.

MARICA -

Temos montañas fermosas cheas de vida, mares con agua quente, aínda que os de fora non sepan aprecialo, temos bosques, fauna, gastronomía, catedrais, igrexas, ermitas, covas, e polo que dín... pode que hasta haxa un galego na lúa.

LOLA -

Por si fora pouco, os nosos castros e castelos, lobishomes, mouros, serpes, meigas, cotobelos, trasnos e demais seres que habitan na nosa terra, son o reflexo e o froito de miles, millóns de anos, duna mestura de sonos e realidades.

MARUXA -

En definitiva: Ser galega non é un orgullo, é un título co que unha nace.

Eu non elixín ser galega, só que ... tiven esa sorte.

Todos cantan:

*Beber no Nubeiro que bonito é
Contarnos os contos e durmir de pé
E durmir de pé, e durmir de pé
Beber no Nubeiro que bonito é.*

FIN DA OBRA